

CONCLUSIÓN



XAN CARBALLA



ARQUIVO DE A NOSA TERRA

1. Francisco Carballo nunha homenaxe aos mártires de Sobredo.
2. Francisco Carballo en Suíza.
- 3 e 4. Francisco Carballo na súa xuventude.
5. Marcha antinuclear a Xove.
6. Francisco Carballo en Marín.

ARQUIVO DE A NOSA TERRA

ARQUIVO DE A NOSA TERRA



ARQUIVO DE A NOSA TERRA



XAN CARBALLA

A semente da liberdade

O ciclo vital de Francisco Carballo pechouse en novembro e segue aberto nas súas obras e na lembranza dos milleiros de persoas que o trataron. A semente que botou medra e desafia ao futuro porque estaba alicerzada no compromiso co país e na convicción de que todos temos a obriga da transmisión xeracional na longa marcha da liberdade individual e colectiva.

Fose desde a convicción relixiosa ou desde a militancia social e política, Carballo deu un verdadeiro exemplo de lealdade a Galiza e ás ideas dun futuro digno para a humanidade. Fixoo con desinterese ma-

terial, con renuncias, botando a sorte das súas mans e a súa intelixencia coa xente máis necesitada, escollendo que bandeiras levantar, sen prexuízos, sen sectarismos pero con certezas e un sorriso que desarmaba e integraba. Traballando en proxectos colectivos e pondo todo o rigor nos seus estudos e investigacións. A forza do seu amor non foi inútil e a patria galega sumou unha nova estrela que seguirá a dar luz desde o corazón de Maceda.

Por Xan Carballa.
Xornalista